

MOMENTO ACTUAL de FIARE BANCA ETICA

Fiare son as siglas da "**Fundación Inversión e Aforro Responsable**" (Fiare) que é unha fundación sen ánimo de lucro creada no ano 2002 por 52 organizacións de cooperación e reinserción social para fundar un banco social e alternativo en Euskadi, e que se convertiu nunha **iniciativa en rede a nivel estatal**. Fiare nacera para artellar un proxecto para a creación unha iniciativa de banca ética cun dobre obxectivo:

- Financiar actividades económicas que teñan un impacto social positivo.
- Ofrecer á persoa aforradora e investidora responsable a posibilidade de apoiar este tipo de actividades, canalizando os seus desexos de decidir conscientemente sobre o uso do seu diñeiro.

Dende o ano 2005, Fiare estaba funcionando cun contrato de axente exclusivo de **Banca Popolare Etica, S. Coop.** (BpE, Banca Etica) no Estado español. Nestes momentos estamos a rematar o **proceso de integración** con esta cooperativa de crédito e **vimos de constituír a primeira cooperativa de crédito europea: FIARE BANCA ETICA, que terá ámbito de actuación común en territorio italiano e no estado español.**

No momento actual estanse a producir a unión do capital e bases sociais das dúas entidades. Asemade, ao longo do ano 2013 conformouse a nova estrutura territorial e organizativa de Fiare Banca Etica, resultante da adaptación ao formato da BpE. Na asemblea de Fiare Galiza, en xaneiro de 2013, celebrada en Teo, formáronse os dous Grupos de implantación territorial (GIT) de Galiza (**GIT Galiza Norte e GIT Galiza Sur**), que serán os **órganos de coordinación das dúas circunscricións nas que se divide o territorio galego** (hai 20 circunscricións en todo o Estado español).

Os seus principios son os seguintes:

- 1) Identidade constituída por redes cidadás. Formamos parte e construímos xunto a máis de cinco mil persoas, con personalidade física ou xurídica, dunha rede que agrupa os inqedanzas cidadás por unha banca ética alternativa.
- 2) Ao servizo da xustiza. Supón a rexeneración da sociedade: pór os recursos ao alcance dos empobrecidos fomentando empresas e proxectos de cooperación e comercio xusto, de loita contra a exclusión e de inserción

social, de difusión de valores socio educativos e transformadores, de sustentabilidade medio ambiental.

- 3) Non lucratividade e interese común. Fiare Banca Etica non reparte dividendos entre os seus accionistas e inviste os seus beneficios na propia cooperativa de crédito en función do aprobado polas súas socias en cada Asemblea anual.
- 4) Insuficiencia. Pretende fomentar redes solidarias de produción-distribución-consumo que impliquen unha acción colectiva "a contracorrente": Circuitos aforro-crédito "militantes", construídas sobre redes de persoas e organizacións, con lóxica non capitalista, próximas ás realidades de exclusión en circuitos curtos e con sistemas de banca ética.
- 5) Acción significativa. Transformar a intermediación financeira e xerar unha proposta realmente elexible.
- 6) Aforro responsable, participación e transparencia. Cada persoa socia ten un voto e ten a posibilidade de participar activamente nas diferentes estruturas da cooperativa e nas súas asembleas, coa transparencia como bandeira, publicando tódolos proxectos financiados e dando a posibilidade de elixir o destino dos aforros.

Fiare Banca Etica ofrecerá unha alternativa moi esperada a milleiros de persoas en Galiza, defraudadas coas prácticas da banca tradicional ou que queremos unha entidade que cumpra todas as funcións básicas da banca -depósitos, domiciliacións, transferencias, pago con tarxeta-, pero coa máxima transparencia e coa seguridade de que o noso diñeiro non alimentará procesos especulativos nin servirá para financiar proxectos escasamente éticos. Non só iso, os cartos que xa manexa e manexará Fiare Banca Etica serven para financiar cada ano moitos proxectos ligados á economía social, á agricultura ecolóxica, á cooperación ao desenvolvemento ou á actividade produtiva de cooperativas.

Ademais Fiare **leva anos funcionando como entidade financiadora de proxectos transformadores**, sendo nos últimos tempos de gran axuda para moitas cooperativas ou ben empresas ou entidades de inserción ou formación.

Aclarando preguntas frecuentes...

Cando comezará a operar plenamente como entidade de banca ética?

Estímase que Fiare Banca Etica comezará a operar plenamente como entidade de banca ética **a partires de outubro de 2014. En xullo de 2014 recibimos a boa nova de que o Banco de España outorgou oficialmente a Fiare Banca Etica a inscrición no rexistro de entidades financeiras co número 1550. Nun primeiro momento ofrecerá servizos para as súas persoas socias e só despois abrirase para todos/as posibles clientes/as.** Desde Fiare Banca Etica animamos a todas as persoas que estean interesadas a facerse socias nestes meses, sobre todo para fortalecer e acelerar o proceso e achegar capital social e humano para seguir a construír esta realidade, é dicir, canta máis xente participe e canto máis se implique, antes se completarán todos os pasos. E tamén para garantir que o proxecto de Fiare Banca Etica sexa o máis plural posible, pois todas as persoas socias teñen capacidade de decisión en todos os ámbitos da cooperativa.

Até agora Fiare actuaba como intermediaria entre os solicitantes de crédito e a propia operativa bancaria, que contaba con tres oficinas no Estado español (Bilbao, Barcelona e Madrid). Xa se podían facer depósitos nunha conta de aforro e con estes depósitos financiábase a concesión de créditos. Fiare Banca Etica leva anos traballando neste proceso con moito coidado e con moito detemento e nunca prestou máis diñeiro do que tiña e tentou acomodar a súa estrutura á súa actividade.

Como comentabamos, a situación segue a evolucionar polo que na actualidade, tras o **recoñecemento en decembro de 2013** deste proceso de integración en Banca Popolare Etica **polo bancos centrais de Italia e de España**, xa podemos dicir que todo está en camiño: as obras na **oficina de Bilbao, totalmente habilitada segundo as lexislacións vixentes**, remataron no mes de xullo, mantéñense os prazos previstos para a reapertura en setembro de 2014, convertida xa na **sede de Fiare Banca Etica e oficina central da operativa bancaria da Área Fiare** (que é a que conforma todo o territorio do estado español).

Terá unha función de atención ao público -só para entidades e con cita previa- xa que a atención ao público seguirá facéndose nos habituais puntos de información de cada territorio.

As persoas traballadoras finalizarán o proceso de formación nos meses de verán e, en breve, será utilizada a nova imaxe corporativa (web, boletíns BancanotE, ...), que virá acompañada dunhas xornadas de formación en setembro para as persoas con responsabilidades de comunicación e de coordinación dos 20 GIT de todo o Estado español... para o establecemento definitivo de todos os servizos básicos necesarios: **contas correntes, tarxetas de débito, banca electrónica, depósitos de aforro, domiciliacións,**

Acontecementos a subliñar desde Galiza

Na II Asemblea de persoas socias de Fiare que tivo lugar o 16 de marzo de 2013 procedemos á **elección do novo Comité de Ética de Fiare**: Alfonso Mascuñana (Fiare Galiza), Javier Martín (Fiare Castilla y León), Txema Amigot (Fiare Navarra), Isabel Allende (Fiare Zona Centro), Cristina de la Cruz (Responsable da Coordinación, Fundación Fiare), Carlos Ballesteros (Fiare Zona Centro), Josep Maria Gasch (Fiare Catalunya), Esteban Tabares (Fiare Sur) e Javier Vitoria (Fundación Fiare). Nesta II Asemblea quedou de manifesto a importancia vital que teñen os GIT (Grupos de Implantación Territorial) no momento actual que estamos a vivir en Fiare Banca Etica.

Un grupo de nove persoas socias de Fiare Galiza e asemade de Banca Popolare Etica (tres de Vigo, tres de Santiago e tres de A Coruña) participaron na Asemblea que se celebrou en Florencia o 18 de maio de 2013. Representaron ás dezanove persoas (xa vintedúas) que xa son socias de Banca Popolare Etica (BpE ou Banca Etica) no territorio galego e agardabamos este momento con moitas expectativas. Foi a primeira vez que socias de Fiare Galiza participaban na Asembles de BpE e fixérono xunto a máis de oitenta persoas de todo o estado, representando a case que trescentas persoas que delegaron o seu voto nas persoas alí presentes.

Tamén coincidía coa elección dun novo consello de administración de Banca Etica, que é como adoita coñecerse en Italia. Durante toda esta asemblea podemos salientar as mencións e chiscadelas constantes ao futuro común, pois a integración de Fiare é unha das liñas estratéxicas de crecemento para os vindeiros anos.

Os exemplos viñeron en forma de aplauso clamoroso ao candidato de Fiare ao Consello de Administración de BpE (Peru Sasia) na súa presentación, á súa

[elección como integrante dese consello](#) co apoio maioritario das persoas participantes (foi a terceira persoa en número de votos recibidos), á consideración da Fundación Fiare como unha das entidades fundadoras de BpE. En definitiva, estabamos a construír xuntos a primeira cooperativa de crédito europea sen ánimo de lucro, en cuxo consello hai máis mulleres (7) que homes (6), que neste ano 2014 comezará a operar no estado español co visto e prace do Banco Central de Italia e a autorización do Banco de España.

O 2014 estivo cheo de novidades. En concreto queremos resaltar dous por enriba dos demais (assembleas aparte) que tiveron lugar durante o primeiro semestre do ano 2014: a **refundación da Fundación Fiare** e a **celebración dos quince anos da BpE**.

O 8 de marzo de 2014, Banca Popolare Etica cumpriu 15 anos cun [gran impacto social](#): 1.800 millóns de euros ao servizo de 23.800 proxectos de familias e de empresas da economía social e solidaria.

A Fundación Fiare está composta por varias persoas representantes da entidades que conformaran os territorios, referentes de zona... O 7 de marzo de 2014 fíxose efectiva a súa "refundación" na sede de REAS Euskadi en Bilbao. A súa tarefa será a de denuncia, sensibilización, actividades parabancarias que non pode realizar a estrutura bancaria... Por exemplo podería levar a cabo campañas como a [Fondazione Culturale Responsabilità Etica](#) fai en Italia. Manterá relación coa cooperativa Fiare Banca Etica, pero terá máis peso na actividade socio política e cultural.

Na asemblea deste ano (III encontro de [persoas socias de Fiare](#) e II encontro desde que somos V Área de Banca Popolare Etica) que tivo lugar en Barcelona o 29 de marzo de 2014, estableceuse a **nova imaxe corporativa** de Fiare Banca Etica, que axuda a crear unha imaxe homoxénea dentro da Área Fiare e tamén en relación a Banca Etica. Ademais do novo logo, estase a traballar nunha nova web e diversos soportes, todo iso dentro do marco do Manual de Identidade Corporativa.

Tras decidir que a Área Fiare conservara o seu propio Comité de Ética -desde o que se vela polo cumprimento dos principios éticos do funcionamento interno da cooperativa así como do establecemento dos criterios para a concesión de préstamos- as persoas que conforman este órgano traballan na creación dos

documentos de base polos que rexerse, unificándoos cos principios do Comité Ético de Banca Etica. Nesta xornada todas as persoas asistentes tiveron a oportunidade de participar en catro interesantes obradoiros que fortalecen o ser de Fiare Banca Etica e van definindo os diferentes temas importantes de cara ao presente e futuro: "Os retos de futuro do Comité de Ética de Fiare" , "A economía feminista e Banca Etica" , "Fiare Banca Etica, como nos vemos en 15 anos?", "Ferramentas parabancarias e a interrelación con Banca Etica", "Consumo crítico: Mercado Social".

O 24 de maio de 2014 celebrouse a Asemblea Xeral de persoas socias de Banca Popolare Etica en Nápoles, coa participación de ao redor de 300 persoas socias e 1.663 votos co total de delegacións. A Asemblea aprobou o Balance da entidade cun apoio favorable ás contas e ás liñas para o próximo ano. Todos os datos do ano 2013 están na web, en castelán hai un resumo de datos xerais en: <http://www.bancaetica.it/los-datos> e tamén podemos velos na seguinte táboa:

Aforro	888 millóns € (+12%)
Préstamos aprobados	775 millóns €
Tasa de impos	2%
Capital Social	47 millóns € (+8%)
Beneficio	1.3 millóns € (+8%)

O momento máis emotivo da Asemblea, sobre todo para a Área Fiare, foi o resultado da votación para a elección do novo **Comité de Ética de BpE**, cun resultado que confirma o apoio maioritario da base social á Área Fiare, sendo Cristina de la Cruz (responsable do Comité de Avaliación Ética da Área Fiare) a candidata máis votada. Tamén resaltou a tendencia dos últimos tempos de apoiar candidaturas maioritariamente de mulleres. O novo Comité está composto por **6 mulleres e 1 home**.

Terei todos os servizos que me ofrecen o resto de entidades bancarias?

A partir do momento no que se completen os trámites administrativos pendentes Fiare Banca Etica ofrecerá os **mesmos servizos que calquera banco, aínda que cunhas diferenzas moi claras en canto ao carácter ético dos seus**

investimentos e créditos concedidos -destinados a cooperativas e á economía social-, **á súa transparencia e a súa ausencia de ánimo de lucro**. Será esencialmente un **banco online** que permitirá realizar **depósitos, domiciliacións, transferencias e pago con tarxetas**, ademais da oferta de créditos a proxectos que xa realiza. Nunca ofrecerá un tipo de interese polos depósitos de aforro tan elevado como o que ofertan as entidades tradicionais, xa que Fiare Banca Etica non especula nin participa en mercados secundarios e non inviste en actividades como armamento, empresas contaminantes... que son as que aportan os maiores beneficios. Ademais sempre se prioriza fixar o interese menor posible para as solicitudes de crédito fronte a remunerar o aforro con intereses atractivos. O que si ofrece é a garantía dos aforros ata os 100.000 €, como calquera outra entidade bancaria do ámbito europeo, e as súas actividades estarán baixo a supervisión do Banco de Italia e o Banco de España.

De feito, xa na actualidade os depósitos están garantidos a través das achegas das persoas socias. Temos recollidos preto de 5 millóns de euros en capital social, que están totalmente inmovilizados. Os préstamos que ofrece [Fiare Banca Etica](#) saen do aforro que achegan os/as clientes/as, non dese fondo de garantía composto polas achegas das persoas socias.

Cos datos estimados das contas anuais, podemos afirmar que levamos recollido máis de 40 millóns de euros en aforros e concedidos en préstamos máis de 34 millóns. Esa diferenza é a que nos vai servir de colchón, xa que queremos lembrar que nunca imos especular co diñeiro, nunca imos prestar máis do que conseguimos.

Fiare Banca Etica busca ofrecer un equilibrio entre manter os actuais servizos da banca, aínda que sexa de maneira máis limitada, pero dirixindo o foco cara á función social que quere cumprir. Fiare Banca Etica non busca captar clientes porque lle vaíamos ofrecer máis servizos ou máis intereses que outros bancos. Os/as clientes/as de Fiare Banca Etica terán outras motivacións, por exemplo por un convencemento ético, por transparencia e por seguridade. De feito, de entre os [tipos de produtos de aforro](#), ofrécese a posibilidade de apoiar proxectos moi variados ao contratar unha libreta chamada "[libreta Redes](#)" na que os intereses que xere o diñeiro depositado vaian directamente para o sector que nós elixamos de entre os 4 aos que presta financiamento Fiare Banca Etica: agroecoloxía, educación e cultura, inclusión social, cooperación internacional-comercio xusto.

Terá oficinas en Galiza?

Nun comezo non. Será esencialmente unha **banca electrónica** (online), que utilizará a mesma operativa que na actualidade empregan as caixas rurais e que se inserirá en Servired para que os/as clientes/as de Fiare Banca Etica poidan facer uso desta rede de caixeiros.

Fiare Banca Etica contará cunha oficina totalmente adaptada ás leis vixentes en Bilbao. Tamén dispón dunha ampla **rede de puntos de difusión** a través de todos os colectivos que a conforman en Galiza, preto de 40 e ducias de **puntos de información**, onde unha rede de axentes que nestes momentos están a recibir formación poderán asesorar sobre todos os trámites que se queiran realizar a través de Fiare Banca Etica.

Que tipo de proxectos financia Fiare Banca Etica?

Os catro principais ámbitos de actuación de Fiare Banca Etica son proxectos vinculados á:

- **transformación no campo dos valores e a educación,**
- **inserción social e laboral das persoas,**
- **agroecoloxía,**
- **comercio xusto e cooperación norte-sur.**

Desde que en 2005 comezou a ofrecer créditos como axente de Banca Popolare Etica, o volume de cartos prestados a este tipo de proxectos de economía social -cun límite máximo establecido anualmente por proxecto- non deixou de crecer. A pesar da crise económica, o crédito total aprobado pasou de 19,5 millóns de euros a finais de 2010 a máis de 27,5 a finais de 2011, superou os 32 millóns en 2012 e chegou case a 33 millóns a 31 de decembro de 2013.

Neste momento xa podemos anunciar que en maio de 2014 fíxose efectivo o [financiamento ao proxecto do Sindicato Labrego Galego](#), que ademais de ser unha entidade de especial relevancia para o mundo rural galego é importante por ser tamén un dos colectivos socios que desde os inicios fixo posible a asociación de promoción de Fiare en terras galegas que é Fiare Galiza.

Cal é o obxectivo de Fiare Banca Etica?

Fiare Banca Etica é unha iniciativa de banca ética que, cunha clara **vocación transformadora**, aspira a ser un **instrumento** político eficaz no ámbito da **intermediación financeira**.

Capta aforro para prestalo, quitándolle o valor mercantil asociado a ese proceso; é dicir, canaliza, a través do aforro, solidariedade cidadá para garantir a través do crédito, condicións de equidade. Faino poñéndose **ao servizo das organizacións** que teñen percepción e capacidade para identificar cales son os **contextos de inxustiza estrutural** que hai que atender.

A actividade económica e financeira non é neutral e mostra disto é que a banca convencional está a financiar proxectos que enriquecen a unhas poucas persoas e empobrecen á maioría. Do que se trata é de crear unha ferramenta que xurda da propia sociedade para darlle a volta e que os proxectos que se financien sexan de rexeneración e de transformación social real. Esa é a diferenza fundamental.

Como se conceden os créditos?

Fiare Banca Etica fai públicos os seus obxectivos éticos e sociais en todo momento e tamén os criterios que valora á hora de conceder os créditos, entre os que o respecto ao medio ambiente, a creación de postos de traballo en ámbitos como a prestación de servizos ou actividades produtivas, ou a propia natureza non lucrativa dos proxectos son fundamentais.

Os proxectos son avaliados localmente polas comisións de avaliación ético-social, formadas por persoas socias elixidas nas súas asembleas e que cumpren unha serie de requisitos: manter o equilibrio entre o mundo rural e o urbano, o equilibrio de xénero, e representar as distintas sensibilidades que conforman Fiare Banca Etica. Este grupo ten un protocolo e analiza cada un dos proxectos presentados con cada solicitude de préstamo.

Se a comisión acorda que o proxecto non segue os criterios de financiamento acordados no eido ético-social, entón a proposta pódese modificar. Mais se a comisión o avalía favorablemente, a operativa bancaria terá que analizar o proxecto no tocante á viabilidade económica financeira e decidir a súa concesión.

A comisión de avaliación é fundamental en Fiare Banca Etica porque está formada por persoas que coñecen o tecido social e organizativo do territorio e, polo tanto, os criterios de valoración son moi axustados á realidade de cada territorio.

Hai Concellos adheridos a Fiare Banca Etica?

Polo de agora son 28 (a 26 de marzo de 2014) en todo o Estado, un deles en Galiza: Manzaneda. As [administracións públicas locais](#) fanse socias de Fiare Banca Etica como mostra do compromiso en construír unha banca ética desde a cidadanía organizada que impulsa unha intermediación financeira baseada nuns valores como a responsabilidade, a solidariedade e o respecto pola contorna. Donostia, Rentería, Ordizia, Azpeitia, Hernani, Oñati (Euskadi); Burlada, Ansoain, Berriozar, Villaba, Huartepa (Navarra); Prat de Llobregat, Sabadell, Cambrils (Catalunya); RivasVaciamadrid (Madrid) ou Albuixech (Valencia) son algúns deles.

Que diferenza Fiare Banca Etica doutras entidades de banca ética?

A diferenza doutras entidades, Fiare Banca Etica é unha cooperativa nas que as persoas que achegan o capital social pasan a ser **socias de pleno dereito** e teñen dereito a voto con independencia da cantidade do seu capital.

Nas súas asembleas decídense as **escalas salariais** das persoas liberadas (sendo a diferenza entre o menor e o maior de 1 a 5) e as persoas que ocupan algún **cargo de responsabilidade** (cunha limitación de 3 anos prorrogables a un máximo de 9).

Iso significa que Fiare Banca Etica en Galiza non ten sentido sen o traballo militante, nestes intres non hai ningunha persoa contratada, deses [case 40 colectivos, un concello e desas máis de 350 persoas que a conforman](#). Polo tanto isto obriga a que todas as grandes decisións teñen que se adoptar a través dunha asemblea e toda a súa actividade está permanentemente exposta á participación das persoas socias.

Que relación hai entre Fiare Banca Etica e Coop 57 ou AIS O Peto?

Son parte do mesmo proceso. Coop 57 e AIS O Peto están integradas tamén como socias en Fiare Banca Etica e realizan unha serie de funcións fundamentais que Fiare Banca Etica non pode cumprir. **No eido das finanzas éticas atopamos tres niveis -micro, medio e macro-** que funcionan dentro do mesmo proxecto, autonomamente pero complementándose uns cos outros.

O nivel micro corresponde a microproxectos, como os que xestiona O Peto. Se alguén necesita 1000 euros, iso Fiare Banca Etica non o pode facer porque a avaliación que tería que facer para decidir se financia o proxecto se cadra xa custa tanto como o que se está a solicitar. Pero AIS O Peto é socia de Fiare Banca Etica e Fiare Banca Etica "derívalle" esa solicitude.

O mesmo se pode dicir de Coop 57, xa nun nivel medio: son volumes de financiamento máis pequenos que Fiare Banca Etica e tes que ser persoa socia para que optar á concesión dun crédito.

Como facerse socio/a?

Evidentemente segue adiante a campaña de captación de capital social polo que convidamos a todas as persoas que queiran a incorporarse a construír xuntas Fiare Banca Etica.

É necesario facer dous tipos de achegas:

- Achega de **capital social**: persoas físicas, mínima de 300 €; persoas xurídicas, mínima de 600 €; empresas, concellos... mínima de 1800 €.
- Achega de **fondos adicionais para gastos de constitución** do proxecto (fondo perdido): a partir de 30 € as persoas físicas, e a partir de 300 € as persoas xurídicas.

Onde atopar Fiare Banca Etica en Galiza?

Fiare Banca Etica Galiza ten como reto para os vindeiros meses consolidar a súa implantación territorial e conta con presenza en sete cidades galegas: **Vigo, A Coruña, Pontevedra, Compostela, Lugo, Ourense e O Carballiño.**

O enderezo electrónico do GIT Galiza Sur (a circunscrición Fiare Galiza Sur engloba as provincias de Pontevedra e Ourense) é galizasur@proyectofiare.com

e o enderezo electrónico do GIT Galiza Norte (a circunscrición Fiare Galiza Norte engloba as provincias de Coruña e Lugo) é galizanorte@proyctofiare.com.

Tamén podes acudir en persoa aos seguintes puntos de información:

- **En Vigo:** na Parroquia do Cristo da Victoria (Rúa Baiona 9 baixo) os luns de 17 a 19 horas, no local de Árbore (Rúa Arquitecto Pérez Bellas 5) os mércores pola tarde (primeiros e últimos de cada mes de 18 a 20:30 horas) e os mércores pola mañá (de 11:30 a 13 horas). O enderezo electrónico do Grupo Local de Vigo: grupovigo@fiaregz.com.
- **En Ourense:** na tenda de comercio xusto de Solidariedade Internacional de Galicia (Rúa Bailén 6, detrás do concello) en horario de tendal. O enderezo electrónico do Grupo Local de Ourense é grupoourense@fiaregz.com
- **No Carballiño:** na sede do Cineclube Carballiño (Auditorio Municipal) todos os venres ás 19:30 h.
- **En Pontevedra:** no local de Amarante-Setem (Rúa Conde San Román 9) de luns a venres de 11:00 a 13:30 h e de 17:00 a 20:00 h. O enderezo electrónico do Grupo Local de Pontevedra é grupopontevedra@fiaregz.com
- **En Coruña:** grupocoruna@fiaregz.com.
- **En Lugo:** grupolugo@fiaregz.com.
- **En Santiago de Compostela:** no local de Panxea (Rúa da Rosa 36 baixo) os martes de 17:15 a 20:30 horas e en grupocompostela@fiaregz.com.

Se nos axudas a construír Fiare Banca Etica avanzaremos máis rápido!